

# **ACTA DA UNDÉCIMA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS**

ASISTENTES:

**POLA XUNTA DE GALICIA:**

Don Tomás Fernández-Couto Juanas  
Director Xeral de Defensa do Monte  
Don Iñaki Bergaretxe Urdanpilleta  
Subdirector Xeral de Prevención  
Dona Silvia Cortiñas Fernández  
Vicesecretaria Xeral da Consellería de Medio Rural  
Don Alberte Piñeiro Tubía  
Xefe do Servizo de Actuacións Preventivas

**POLA FEGAMP:**

D. Alfonso Villares Bermúdez  
Vicepresidente primeiro da Fegamp  
Dona Lucía González Louro  
Técnico da Fegamp

**POR SEAGA:**

Don Pablo Arbones Maciñeira  
Director xerente de Seaga  
Don Antón Barral Álvarez  
Licenciado en Dereito Seaga

En Santiago de Compostela, as 12:15 horas, do día 12 de setembro de 2019, na Sala de Xuntas da Dirección Xeral de Defensa do Monte, reúnen-se os citados anteriormente co fin de celebrar a reunión da Comisión de Seguimento do Convenio baixo a seguinte

## **ORDE DO DÍA**

- I.- Lectura e aprobación da acta da reunión da Comisión de 6 de setembro de 2019.
- II.- Aprobación das novas solicitudes de adhesión ao Convenio
- III.- Visto bo ao borrador do texto para a segunda addenda ao Convenio
- IV.- Aprobación do modelo de anuncio de notificación ás persoas responsables da xestión da biomasa para publicación en BOE e DOG.
- V.- Estudo do modelo de Solicitud de incorporación e autorización para realización de traballos de levantamento topográfico, mantemento e limpeza en faixas secundarias de xestión da biomasa para proxectos de mobilización de terras
- VI.- Rogos e preguntas

Aberta a sesión polo Presidente, D. Tomás Fernández-Couto Juanas, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

## **I.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE 6 DE SETEMBRO DE 2019**

Unha vez revisadas as actas pola FEGAMP e pola Secretaría Xeral Técnica procédese a aprobación e a firma das mesmas polo Presidente e a Secretaria da Comisión.

## **II.- APROBACIÓN DAS NOVAS SOLICITUDES DE ADHESIÓN AO CONVENIO**

Na data da celebración da Comisión rexistrouse unha nova solicitude de adhesión ao Convenio:

<b>Concellos A Coruña (1)</b>
POBRA DO CARAMIÑAL

Admitese a solicitude de adhesión deste Concello e acórdase notificar con esta data as resolucións individuais informando da admisión segundo o modelo aprobado pola Comisión e revisado polas partes asinantes do Convenio. Posteriormente dende Seaga contactarase co Concello adheridos para ir avanzando na elaboración da planificación.

## **III.- VISTO BO AO BORRADOR DO TEXTO PARA A SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO**

Coméntase na Comisión o borrador do texto para a segunda addenda ao Convenio, e apróbase o texto definitivo do borrador que acompaña á acta da reunión como documento anexo.

## **IV.- APROBACIÓN DO MODELO DE ANUNCIO DE NOTIFICACIÓN ÁS PERSOAS RESPONSABLES DA XESTIÓN DA BIOMASA PARA PUBLICACIÓN EN BOE E DOG.**

Segundo o acordado procédese novamente a analizar o modelo de anuncio de notificación coas modificacións introducidas a raíz das observacións efectuadas na anterior reunión da Comisión.

Apróbase o modelo de anuncio de notificación e acórdase trasladar á empresa Sixtema a petición para que proceda a incorporar o modelo a aplicación Xesbio.

**V.- ESTUDO DO MODELO DE SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN E AUTORIZACIÓN PARA REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO, MANTEMENTO E LIMPEZA EN FAIXAS SECUNDARIAS DE XESTIÓN DA BIOMASA PARA PROXECTOS DE MOBILIZACIÓN DE TERRAS**

Coméntase que dende Agader aceptaron o cambio proposto no modelo trasladado pola Comisión.

A Comisión mostra a súa conformidade co modelo proposto.

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente dá por finalizada a reunión, sendo as 15:30 horas da data sinalada no encabezamento.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

A secretaria



Lucía González Louro

O presidente



Tomás Fernández-Couto Juanas

## **ANEXO I.- BORRADOR DE TEXTO PARA A SEGUNDA ADDENDA**

### **QUINTA BIS.- Plataforma para a xestión da biomasa (XESBIO), visor e app para dispositivos móbiles asociada a plataforma**

1. Para xestionar a biomasa nas faixas secundarias, desenvolverase unha plataforma integral para a xestión da biomasa, cuxo obxectivo é dar soporte informático as actuacións dos distintos actores que interveñen no convenio e que permita unha trazabilidade de todas as actuacións realizadas polos concellos, por SEAGA, pola Administración autonómica, e polos cidadáns con parcelas nas devanditas faixas.

En concreto, comprende a xestión dos seguintes aspectos:

- Xestión dos procesos de adhesión dos concellos
  
- Xestión das parcelas incluídas nas faixas, e da titularidade destas
  
- Xestión dos plans anuais de actuación sobre as devanditas faixas, e as actuacións concretas asociadas
  
- Xestión da comunicación cos titulares
  
- Xestión da relación dos titulares a devanditas actuacións, incluíndo xestión contractual e contable.
  
- Xestión de inspeccións nas devanditas faixas
  
- Xestión de execucións subsidiarias sobre parcelas nas devanditas faixas, comisos, cortas, expropiacións
  
- Xestión da madeira asociadas as cortas, comisos.

Para a súa execución requirirase a sinatura do correspondente acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

O importe total estimado do proxecto é de 470.000 € (IVE incluído) que inclúe desenvolvemento, soporte e mantemento ata o ano 2021 e que será financiado con cargo aos créditos e segundo o disposto na cláusula quinta, facendo, a tales efectos, as modificacións orzamentarias que correspondan. A desagregación estimada por anualidades é a seguinte:

2019	2020	2021
85.000,00 €	285.000,00 €	100.000,00 €

2.- Para axilizar os procesos de rexistro da información asociada ao traballo de campo na base de datos asociada a XESBIO desenvolverase unha ferramenta en mobilidade (app). Esta app tamén permitirá a consulta da base de datos de XESBIO (tanto de información xeográfica como histórica) para o apoio as tarefas a realizar in itinere.

O importe total estimado do proxecto é de 130.000 € (IVE incluído) que inclúe desenvolvemento, soporte e mantemento ata o ano 2021 e que será financiado con cargo aos créditos e segundo o disposto na cláusula quinta, facendo, a tales efectos, as modificacións orzamentarias que correspondan. A desagregación estimada por anualidades é a seguinte:

2019	2020	2021	Total
11.000 €	80.000 €	39.000 €	130.000 €

3. Así mesmo, coa finalidade de mellorar a transparencia do sistema, desenvolverase un visor no que se mostre e manteña actualizada a rede de faixas secundarias de xestión da biomasa, que será executado con medios propios da Administración Autonómica e, de ser o caso, financiado con cargo aos créditos e segundo o disposto na cláusula quinta, facendo, a tales efectos, as modificacións orzamentarias que correspondan.

4. O acceso aos datos protexidos por parte das persoas usuarias dos concellos adheridos ao presente convenio, tanto a XESBIO como a ferramenta en mobilidade (app), non se considera unha cesión de datos persoais a terceiros por que responde ao exercicio dunha competencia propia. A Consellería do Medio Rural conta coa autorización de Catastro para que os concellos usen estes datos con esta finalidade.

As persoas usuarias da aplicación XESBIO e a ferramenta en mobilidade (app), designadas polos Concellos adheridos ao convenio e autorizadas pola Amtega a acceder a ela, están obrigadas á confidencialidade respecto dos datos ou antecedentes aos que teñan acceso, non podendo proporcionar información a terceiros. A tal efecto, cada persoa usuaria deberá asinar a correspondente cláusula de confidencialidade nos termos especificados pola Amtega. Cada persoa usuaria será responsable do cumprimento do establecido na devandita cláusula.

**SÉTIMA. Réxime xurídico do sistema público de xestión da biomasa nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa mediante a cooperación técnica para a tramitación do planeamento municipal de prevención de incendios e o exercicio das competencias que corresponden aos concellos de execución subsidiaria das obrigas de xestión de biomasa**

c) Realización material das actuacións de xestión de biomasa, derivadas da tramitación de procedementos de execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa unha vez notificado polos concellos adheridos o incumprimento nas obrigas de xestión da biomasa segundo o procedemento descrito na *Instrución 1/2018, do 26 de abril, relativa ás actuacións administrativas en materia de cumprimento das obrigas de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas impostas pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, e a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia* e se constate a persistencia no incumprimento.

Esta actuación de execución subsidiaria comprenderá a redacción do proxecto para a execución subsidiaria se fora necesario polas características da actuación ou outro documento técnico que deba servir de base ás actuacións, así como os traballos de xestión da biomasa sobre o terreo e a posterior elaboración do documento/liquidación de custos da execución subsidiaria que comprenderá todos os gastos ocasionados como consecuencia da mesma.

As solicitudes destas actuacións poderán dirixirse á Comisión de seguimento a partir do 1 de xaneiro de 2020. Esta poderá aprobar actuacións subsidiarias ata un máximo de 5 ha por concello e ano, respectando en todo caso a dispoñibilidade orzamentaria.

**NOVENA. INICIATIVAS PÚBLICAS, PRIVADAS OU MIXTAS de mobilización de terras nas faixas secundarias de xestión da biomasa.**

1. Para a execución de iniciativas de mobilización de terras nas faixas secundarias de xestión da biomasa, poderá destinarse ata 1.250.000 € para cada anualidade do orzamento previsto neste convenio.
2. Entenderase por iniciativa de mobilización de terras aquelas propostas públicas, privadas ou mixtas que pretendan levar a cabo nas faixas secundarias de xestión da biomasa dun núcleo de poboación, dos concellos adheridos ao presente convenio, a través da posta en produción destes terreos para cultivos de horta, cereal, pastos, pastoreo, froiteiras, castiñeiros, olivas, madeira de calidade, sistemas mixtos, actuacións de uso público de xestión municipal.

3. Para a posta en marcha das devanditas iniciativas os propietarios de parcelas afectadas por faixas secundarias de xestión da biomasa presentarán a solicitude de incorporación ao Banco de Terras e a autorización de realización de traballos de xestión da biomasa en faixas secundarias , que deberá contar coas seguintes características:
  - Compromiso dos propietarios do 70% da superficie da faixa de poñer os predios a disposición do Banco de Terras por un período mínimo de 5 anos, que se materializará mediante a sinatura de contratos de mediación e incorporación de predios ao Banco de Terras de Galicia.
  - Compromiso do 70% dos propietarios coñecidos da faixa de poñer os predios a disposición do Banco de Terras por un período mínimo de 5 anos, que se materializará mediante a sinatura de contratos de mediación e incorporación de predios ao Banco de Terras de Galicia.
  - A actuación total terá unha superficie mínima de 5 ha e máxima de 25 ha.
4. Ata un máximo do 30 % da superficie de actuación da iniciativa de mobilización de terras poderá estar situada fóra das faixas secundarias.
5. Estas solicitudes serán presentadas ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a través do concello. Unha vez constatado o cumprimento dos requisitos do punto 3 elevará a solicitude, a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte á Comisión de seguimento. Esta aprobará as actuacións de xestión da biomasa nestes predios.
6. A xestión da biomasa nos terreos da solicitude levarase a cabo polo sistema público de xestión de biomasa en faixas secundarias establecido polo presente Convenio e a favor do propietario mentres se tramita a cesión e, posteriormente a favor de AGADER durante un período máximo de tres anos, sempre que o presente Convenio continúe vixente, en tanto non se dispoña dun arrendador dos predios. Transcorrido ese período será o Banco de Terras o que terá que facerse cargo dos traballos de xestión da biomasa.
7. O orzamento máximo previsto para as iniciativas de mobilización de terras será de 2.500 €/ha, incluíndo a xestión de biomasa. O custo desta, establécese en 1.500 €/ha para o primeiro ano, en 700 €/ha para o segundo ano e en 300 €/ha no terceiro ano.

## ANEXO II.- MODELO DE ANUNCIO DE NOTIFICACIÓN

*ANUNCIO de notificación a titulares coñecidos e descoñecidos do Concello de xxxxxxxxxxxx para lembrar o cumprimento da obriga de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas.*

De conformidade co disposto no artigo 22.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e para dar máis seguridade xurídica aos responsables de xestión da biomasa, polo presente anuncio ponse de manifesto o posible incumprimento polas persoas responsables, que a continuación se indican e que xa foron notificadas por correo postal, da obriga de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas en relación coas parcelas que se describen, imposta polo artigo 22.1 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia:

Ref. Catastral	Parroquia	Lugar	Polígono	Parcela	Liquidación provisional dos traballos de xestión biomasa	Persoa responsable (NIF semiculto por LOPD)

Así mesmo, de conformidade co disposto no artigo 22.3 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e dado que os titulares dos bens que se relacionan a continuación son descoñecidos e resulta imposible a súa notificación, comunícase ás persoas responsables a súa obriga legal de xestión da biomasa, e retirada de especies arbóreas prohibidas nos parcelas que se describen, imposta polo artigo 22.1 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia:

Ref. Catastral	Parroquia	Lugar	Polígono	Parcela	Liquidación provisional dos traballos de xestión biomasa	Persoa responsable
						Descoñecida
						Descoñecida
						Descoñecida
						Descoñecida

1º En virtude do que antecede as persoas responsables dispoñen dun prazo máximo de 15 días naturais para o cumprimento voluntario para xestionar a biomasa na parcela citada, que se iniciará o día seguinte ao da publicación do presente anuncio ou da data da notificación por correo postal no caso de que devandita notificación se fixera efectiva con posterioridade á data de publicación do presente anuncio.



2º Dado que se trata de parcelas incluídas en parroquias priorizadas, entenderase cumprida voluntariamente a obriga de xestión da biomasa no caso de que, con anterioridade a finalización do devandito prazo, a persoa responsable subscriba o contrato de xestión da biomasa no marco do sistema público de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, recollido no Anexo III do Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias (DOG nº 156 do 17 de agosto de 2018).

3º En caso de persistencia no incumprimento transcorrido o devandito prazo, o concello a través do *Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias* (DOG nº 156 do 17 de agosto de 2018) procederá sen máis trámites á execución subsidiaria con repercusión dos custos de xestión da biomasa e, se é o caso, comiso das especies arbóreas prohibidas retiradas pola Administración, nas condicións establecidas no artigo 22.2 da precitada Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda. A persoa titular do terreo ou do dereito de aproveitamento terá a obriga legal de facilitar o necesario acceso para a realización dos traballos de xestión de biomasa e retirada das especies arbóreas prohibidas. O suxeito que realice os traballos de execución subsidiaria terá a facultade de acceder sen consentimento da persoa titular, agás nos supostos excepcionais contemplados legalmente, cando o acceso afecte, dentro da parcela, a espazos físicos susceptibles de merecer a cualificación de domicilio para os efectos do artigo 18.2 da Constitución Española.

4º. En caso de persistencia no incumprimento, e transcorrido o prazo outorgado, iniciarase tamén o correspondente procedemento sancionador segundo o previsto no título VII da Lei 3/2007:

a) Administración competente para sancionar (artigo 54 da Lei 3/2007):

1. Será competente para incoar o procedemento sancionador para as infraccións cometidas en terreos agrícolas, forestais e de influencia forestal a persoa titular da xefatura territorial da consellaría con competencias en materia forestal por razón do territorio en que se cometeu a infracción ou daquel con maior superficie afectada.

2. Serán competentes para a resolución dos procedementos sancionadores por infraccións tipificadas nesta lei e incoados no ámbito da consellaría con competencia en materia forestal:

a) A persoa titular da xefatura territorial da consellaría competente en materia forestal, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións leves.

b) O órgano competente en materia forestal, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións graves.

c) A persoa titular da consellaría que teña asignada a competencia en materia forestal, para a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves.

3. A incoación do procedemento sancionador en aplicación desta lei, por ausencia de ordenanzas municipais ao respecto, para as infraccións cometidas en terreos urbanos, de núcleo rural e urbanizables delimitados será competencia da respectiva administración local. A resolución dos expedientes pola comisión de infraccións leves e graves corresponderalle á persoa titular da alcaldía e a dos expedientes pola comisión de infraccións moi graves ao pleno do concello, de conformidade co establecido no artigo 21 ter.2 desta Lei.

b) Cualificación da infracción: infracción leve (51.3.a) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia), sen prexuízo do establecido no artigo 51.2 g) para as faltas graves.

c) Contía máxima da sanción pecuniaria que se poida impoñer no caso de infracción leve: 1.000 € (artigo 74.a) da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, en relación co disposto no artigo 50.1 da Lei 3/2007. No caso de ser considerada infracción grave a contía máxima da sanción será de 100.000 € (artigo 74.b)

d) Procederáse ao comiso da madeira resultante da corta das especies arbóreas que deban ser retiradas de acordo co establecido no 22.2 da Lei 3/2007.

5º O texto íntegro da comunicación estará ao dispor das persoas destinatarias na sede electrónica do Concello actuante.